



AS MULLERES NO MERCADO DE TRABALLO

2024



XUNTA
DE GALICIA

EDITA

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego
Subdirección Xeral de Coordinación, Avaliación e Seguimento de Programas
Servizo de Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo

ELABORA

Servizo de Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo
Santiago de Compostela 2025

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. A PARTICIPACIÓN DA MULLER NO MERCADO DE TRABALLO

2.1 O papel da muller na creación de emprego durante a recuperación económica

2.2 Poboación: evolución

2.3 Actividade:

2.3.1 Evolución

2.3.2 Segundo o nivel de estudos

2.4 Ocupación:

2.4.1 Evolución

2.4.2 Segundo os sectores económicos

2.4.3 Segundo a situación profesional

2.4.4 Segundo a actividade económica

2.4.5 Segundo os grandes grupos ocupacionais

2.5 Paro: evolución

2.6 Inactividade: evolución

2.7 Comparativa con España: taxas

2.8 Contratos rexistrados

3. SALARIOS

4. AS MULLERES NA EDUCACIÓN

4.1 Elección de estudos:

4.1.1 Universitarios

4.1.2 Formación profesional

4.2 Abandono educativo temperán



1. INTRODUCCIÓN

A maior participación da muller nos diferentes ámbitos laborais é un feito social de particular importancia. A conciliación da vida laboral e familiar foi o punto de partida para comezar a reverter a desigualdade que viña existindo entre home e muller. Moitos foron os avances efectuados nos últimos anos pola muller galega a nivel social e laboral.

Os cambios máis importantes reflíctense no aumento da poboación activa feminina e a súa incursión no mercado de traballo, provocando evidentes logros a nivel social e cultural. Isto reflíctense nun incremento da taxa de actividade feminina das mulleres de 16 a 64 anos en máis de 10 puntos nos últimos vinte anos. Ademais, no sistema educativo a presenza da muller é superior á dos homes na educación universitaria, excepto nas carreiras técnicas.

Unha breve pincelada do contexto socioeconómico actual permítenos constatar esta nova realidade e extraer as seguintes conclusións:

No ano 2024 segue a consolidarse a recuperación económica que se iniciou logo da pandemia. En termos interanuais, o emprego e a poboación activa aumentan e o paro descende.

Durante este último ano continuouse avanzando ata unha maior igualdade: en 2024 as fendas de xénero en termos de taxa de actividade, emprego e paro foron reducíndose progresivamente.

A pesar da importancia destes fenómenos, existe aínda en Galicia, tanto nos sectores de actividade como nas profesións, unha considerable segregación por sexos e as mulleres seguen ocupando, en xeral, categorías profesionais de menor cualificación, baixa remuneración e menor prestixio social, sendo tamén o traballo temporal o que máis incidencia ten neste colectivo.

Con motivo da celebración do Día internacional da muller, o Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo analiza neste informe unha serie de variables que inciden na estrutura do mercado laboral feminino, así como os principais parámetros que miden a temperatura da súa realidade socioeconómica. O propósito do estudo é ofrecer un panorama recente da situación e o comportamento das mulleres neste ámbito a través da súa participación nos principais indicadores de emprego.

2. A PARTICIPACIÓN DA MULLER NO MERCADO DE TRABALLO





2.1 O PAPEL DA MULLER NA CREACIÓN DE EMPREGO DURANTE A RECUPERACIÓN ECONÓMICA

NUNCA HOUBO TANTAS MULLERES TRABALLANDO COMO NESTE ANO 2024

O ano 2024 rematou en Galicia con 8.493 mulleres máis afiliadas á SS¹, un crecemento do 1,63%, superior ao reflectido entre o colectivo masculino (6.814 homes afiliados máis; 1,28%). Neste ano rexistrouse o máximo de mulleres afiliadas de toda a serie histórica na nosa Comunidade (novembro de 2024: 533.647), e Galicia acada xaneiro de 2025 coa cifra máis alta de afiliacións femininas para este mes, 524.191.

A diferenza do que ocorre entre o xénero masculino. Os mellores niveis de emprego entre os homes déronse durante a expansión económica previa á crise xeneralizada. Mentres en xullo de 2008 había 608.374 homes afiliados, na actualidade esta cifra rebáixase ata os 539.675. A crise de 2008 afectou principalmente sectores moi masculinizados, como a construción e a industria, polo que o impacto entre o emprego feminino, aínda que foi importante, deuse dun xeito menos intenso. De feito, o emprego masculino perdido durante estes anos (xullo de 2008-xaneiro de 2014: -144.758 postos de traballo) non se recuperou na súa totalidade.

GALICIA OCUPA O 2º POSTO ENTRE AS 17 CCAA NA PROPORCIÓN DE MULLERES COTIZANTES RESPECTO AO TOTAL DE AFILIACIÓNS (DESPOIS DE ASTURIAS) E SUPERA EN DOUS PUNTOS AO ESTADO



Fonte: TXSS.

¹ neste apartado úsase a serie de afiliacións no último día do mes que comeza en 2002

2.2 POBOACIÓN: EVOLUCIÓN

A POBOACIÓN MAIOR DE 16 ANOS FEMININA AUMENTA NO ÚLTIMO ANO, AÍNDA QUE PRESENTA UN MARCADO ENVELLECIMENTO

Nos últimos 14 anos acentuouse aínda máis a forma típica da pirámide poboacional galega, ensanchándose na parte superior, sobre todo a partir dos 45 anos, e estreitándose na base.


Nesta tesitura, as mulleres de 65 e máis anos pasaron de representar o 27,90% da poboación feminina de 16 e máis anos en 2010 ao 32,60% en 2024 (aumentando 0,25 puntos respecto ao ano anterior), unha proporción máis elevada que entre os homes (27,25%) e a moita distancia do que ocorre no Estado, onde a proporción de mulleres de máis de 64 anos acada o 22,49%.

Dende 2010 a poboación de mulleres de 16 a 44 anos descendeu en 129.600 persoas, a de 45 a 64 anos aumentou en 62.200, e a de 65 e máis en 54.700. No último ano repunta o total da poboación feminina, aumentando en todos os tramos de idade, agás no de 30 a 44 anos.

O grupo de idade das persoas entre 30 e 44 anos é o que máis se resente en perda de efectivos, en caída dende 2010. Pola contra, os mozos menores de 30, que durante a crise foron un dos colectivos que máis sufriron a perda poboacional, nos últimos 5 anos están a incrementar efectivos.


Neste contexto de envellecemento da poboación, máis marcado entre as mulleres que entre os homes, a idade media da maternidade en Galicia elévase por riba dos 30 anos, sendo en 2023 de 33,3 anos, á vez que o indicador conxuntural de fecundidade se sitúa en 0,99 fillos por muller en 2023, por debaixo do total nacional, 1,12. En ambos os territorios redúcese con respecto ao ano anterior, en Galicia 0,02 puntos e en España 0,04.

Poboación feminina por grupos de idade. Galicia



Fonte: INE/IGE. Enquisa de poboación activa. Medias anuais. Datos en miles de persoas.

% de poboación de 16 ou máis en cada tramo de idade por sexo. Galicia. Ano 2024



Fonte: INE/IGE. Enquisa de poboación activa. Medias anuais.

2.3.1 ACTIVIDADE: EVOLUCIÓN


A POBOACIÓN ACTIVA FEMININA AUMENTA E A TAXA DE ACTIVIDADE DE 16 A 64 SOBE ATA O 71,66% EN 2024.

A taxa de actividade das mulleres entre 16 e 64 anos ascende 0,30 puntos porcentuais en 2024 e alcanza o 71,66%, a cifra anual máis alta publicada (2006).

A actividade feminina tivo en xeral unha tendencia ascendente nos últimos 16 anos, que se reflicte nun aumento da súa taxa en 7,61 puntos porcentuais, freada en 2020 polo estalido da pandemia, pero xa recuperada en 2022 con niveis superiores aos prepandémicos. Ao mesmo tempo, a diferenza con respecto á taxa de actividade dos homes reduciuse notablemente, pasou de ser de 15,30 puntos porcentuais en 2008 a 5,49 neste ano 2024.


A cifra de mulleres activas crece no último ano en 6.700 (1,10%) ata as 613.700, a cifra máis alta de mulleres integradas no mercado de traballo de toda a serie, nos homes produciuse un aumento do 0,87%. Este incremento tamén chegou ao colectivo máis numeroso (o de mulleres maiores de 44 anos), as cales aumentaron con respecto ao ano anterior en 7.800 (2,44%), ata un total de 328.100, o que supón o maior número de galegas activas, neste intervalo de idade, de toda a serie histórica (2006).

Taxa de actividade por sexo (poboación de 16 a 64). Galicia



Fonte: INE/IGE. Enquisa de poboación activa. Medias anuais. Datos en %.

Poboación activa segundo o sexo. Galicia



Fonte: INE/IGE. Enquisa de poboación activa. Medias anuais. Datos en miles de persoas.


2.3.2 ACTIVIDADE: SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

ELEVADA PRESENZA DA MULLER ENTRE OS ACTIVOS DE MAIOR CUALIFICACIÓN.


O nivel educativo feminino tende a elevarse, con predominio dos niveis educativos máis altos, deste xeito en 2024 máis da metade das mulleres activas teñen estudos superiores (52,76%), o 44,94% estudos secundarios e o 2,33% son analfabetas ou teñen estudos primarios. Con respecto ao ano pasado, estas porcentaxes mudaron, aumentou a proporción de mulleres en estudos superiores en 1,41 puntos e diminuíu nas outras categorías.

As mulleres están consolidadas no mercado de traballo nos niveis educativos máis altos, cunha tendencia estable: o 56,04% das persoas activas con estudos superiores en 2024 son mulleres. Paralelamente, nos niveis educativos máis baixos o seu peso é inferior (36,43%), fronte a un peso do 63,57% do colectivo masculino. Esta situación é o resultado do cambio na estrutura da man de obra feminina cara a un nivel cada vez máis elevado de cualificación. Situación moi semellante á que ocorre no conxunto do Estado, con diferenza en canto aos estudos superiores, onde a proporción de mulleres é maior en Galicia en máis de 3 puntos.

% activas por nivel de estudos (s/o total de activas). Galicia



% mulleres activas por nivel de estudos s/ total da poboación activa nese nivel. Ano 2024.



Fonte: INE/IGE. Enquisa de poboación activa. Medias anuais.

2.4.1 OCUPACIÓN: EVOLUCIÓN

INCREMENTO DA TAXA DE OCUPACIÓN FEMININA

A creación de emprego feminino ao longo de 2024 queda patente na evolución da súa taxa de ocupación:


A taxa de ocupación feminina (16 a 64 anos) creceu 0,61 puntos con respecto ao ano 2023.

Este incremento constante e sostido dos últimos doce anos (interrompido en 2020 pola pandemia) lévanos en 2024 ata a cifra anual máis alta dende que hai rexistros (2006). De feito, atopamos un incremento de 6,89 puntos con respecto ao ano 2008, mentres que nos homes se produciu unha redución de 3,16 puntos.

Ao mesmo tempo, a diferenza con respecto á taxa de ocupación dos homes reduciuse en 10 puntos, pasando de representar 16 puntos diferenciais en 2008, ata os 6 puntos que se rexistraron neste ano 2024.


Galicia conta no ano 2024 con 552.200 mulleres ocupadas, despois de ascender no último ano un 1,69%. Trátase da maior cifra de mulleres ocupadas de toda a serie. Os homes ocupados aumentan a un menor ritmo, concretamente a un 1,04%.

Taxa de ocupación por sexo (poboación de 16 a 64). Galicia



Fonte: INE/IGE. Enquisa de poboación activa. Medias anuais. Datos en %.

Poboación ocupada segundo o sexo. Galicia



Fonte: INE/IGE. Enquisa de poboación activa. Medias anuais. Datos en miles de persoas.

2.4.2 OCUPACIÓN: SEGUNDO OS SECTORES ECONÓMICOS


PREMINENCIA DO SECTOR SERVIZOS

As mulleres seguen a empregarse maioritariamente en actividades económicas propias do sector terciario. O volume de emprego feminino neste sector é cerca de seis veces superior á suma das mulleres ocupadas nos outros tres sectores, séguelle en importancia o sector secundario, con preto do 10% do total da ocupación feminina. As mulleres ocupadas no sector primario son menos do 5% do total das ocupadas, mentres que no caso da construción a porcentaxe de ocupación apenas sobe do 1%.


O sector dos servizos é o único no que a ocupación feminina supera a masculina. No ano 2024 hai en Galicia 467.600 mulleres ocupadas no sector dos servizos, mentres que os homes acadan un volume de 338.100, é dicir, unha diferenza de 129.500 a favor das mulleres.

O comportamento da ocupación sectorial feminina nos cinco últimos anos reforza a importancia do sector dos servizos que suma 27.000 novas ocupadas. O incremento do emprego feminino tamén alcanzou o resto de sectores. A construción, que é o sector máis infrarrepresentado entre as mulleres, rexistrou un avance do 40%, o maior ritmo de creación de emprego sectorial. A industria e o sector primario tamén incrementaron emprego feminino.


Distribución da ocupación feminina por sectores (%). Galicia. Ano 2024



Persoas ocupadas por sexo e sector. Galicia. Ano 2024



Variación das mulleres ocupadas por sector económico. Galicia 2019-2024



2.4.3 OCUPACIÓN: SEGUNDO A SITUACIÓN PROFESIONAL


PREEMINENCIA DO SECTOR PÚBLICO

Tradicionalmente, a actividade emprendedora das mulleres foi inferior á masculina, a actual estrutura profesional da poboación ocupada de Galicia recolle un 4,5% de empresarias con asalariados entre as mulleres ocupadas, fronte a un 6,6% dos homes. O peso feminino tamén é menor no emprego autónomo, así, o 10,9% das ocupadas galegas son traballadoras independentes sen asalariados, mentres que entre os homes os autónomos sen asalariados ao seu cargo representan o 13,8%. Unha das causas desta menor ratio feminina son os compromisos familiares, que afectan en maior medida as mulleres, e que dificultan o emprendemento.


Outro dos rasgos distintivos da estrutura profesional das mulleres é a súa maior presenza no sector público, 21,1% das ocupadas, fronte a un 12,7% dos ocupados homes. De feito, neste ámbito é o único no que as mulleres traballadoras (116.500) superan os homes (75.400).

Nos últimos cinco anos medra máis a ocupación entre as mulleres que entre os homes, debido ao importante crecemento do emprego asalariado no sector privado con 28.100 ocupadas máis, mentres que entre os homes aumenta en 23.900.

Situación profesional das persoas ocupadas por sexo.
Galicia 2024



Variación da situación profesional por sexo.
Galicia 2019-2024



2.4.4 OCUPACIÓN: SEGUNDO A ACTIVIDADE ECONÓMICA


AS ACTIVIDADES DO SECTOR SERVIZOS MAIORITARIAMENTE COPADAS POR MULLERES

A industria conta con 52.100 mulleres ocupadas en 2024. Trátase do segundo sector con máis número de mulleres.


Dentro da industria, hai unha actividade económica que rexistra maior volume de emprego feminino que masculino. Trátase do sector téxtil, onde catro de cada cinco persoas ocupadas son mulleres; a seguinte actividade con maior representatividade feminina é a industria da alimentación, con case a metade do volume global de ocupación (47%). No resto de ramas da industria é maioritaria a presenza masculina.

Pola contra, no sector dos servizos é maioritaria a presenza feminina na maioría das súas ramas de actividade. As mulleres nas actividades sanitarias e de servizos sociais contan cun peso do 81%, é dicir, máis de catro de cada cinco persoas que traballan neste ámbito son mulleres, mentres que a presenza feminina na educación ten unha representatividade de case o 70%. Nas actividades de comercio e de hostalaría tamén son maioría as mulleres. Por outra banda, destaca a presenza feminina en ramas de alto valor engadido como son as actividades profesionais, científicas e técnicas (54,51%). Pola contra, as mulleres son tradicionalmente minoritarias en actividades relacionadas coas TIC, onde a súa porcentaxe non chega ao 30%.

% mulleres s/total da ocupación nas ramas industriais. Galicia. Ano 2024



% mulleres s/total da ocupación nas ramas dos servizos. Galicia. Ano 2024



2.4.4 OCUPACIÓN: SEGUNDO A ACTIVIDADE ECONÓMICA


CRECEMENTO DA EDUCACIÓN E DAS ACTIVIDADES CIENTÍFICO-TÉCNICAS

Nos últimos cinco anos destaca o incremento da ocupación feminina na meirande parte das ramas da nosa economía:

A educación é, con diferenza, a rama de actividade que está a rexistrar un maior incremento de ocupación feminina, séguenlle, a máis distancia, as actividades profesionais, científicas e técnicas xunto coas actividades sanitarias e de servizos sociais. Trátase en xeral de actividades que requiren un nivel de cualificación alto ou medio para poder exercerse.

A Administración pública é a actividade que perde máis ocupación feminina nos últimos cinco anos. O resto de actividades redúcense dun xeito residual.

Ramas de actividade con maior crecemento da ocupación feminina.
Galicia 2019-2024



Ramas de actividade con maior destrución de emprego feminino.
Galicia 2019-2024



2.4.5 OCUPACIÓN: SEGUNDO OS GRANDES GRUPOS OCUPACIONAIS

MELLORA DA OCUPACIÓN FEMININA NO EMPREGO ALTAMENTE CUALIFICADO


A distribución feminina por ocupacións está moi concentrada en postos do sector servizos, sexan de alta cualificación, englobados no gran grupo 2 dos técnicos profesionais científicos e intelectuais (sobre todo na saúde e na ensinanza); de cualificación media, os grandes grupos 4 e 5 (empregadas de oficina, hostalaría e comercio, e coidado de persoas), ou servizos non cualificados, as ocupacións elementais do gran grupo 9 (empregadas do fogar e da limpeza).

A poboación ocupada masculina, pola contra, ten unha presenza inferior nos postos de cualificación medio-baixa do sector servizos, aínda que amosa maior presenza en postos de cualificación medio-baixa encadrados na industria e construción, caso das epígrafes 7 e 8. Tamén hai unha maior ocupación masculina nos postos de dirección e xerencia e nos postos cualificados do sector primario.


O grupo ocupacional de alto nivel de cualificación, o gran grupo 2, rexistrou a maior creación de emprego feminino nos últimos cinco anos, 19.500 ocupadas máis, debido fundamentalmente ao crecemento das profesionais do ensino (6.800 ocupadas máis), pero tamén das profesionais das ciencias e das enxeñarías (+3.700). O grupo 3 referido ás técnicas e profesionais de apoio, cun nivel de cualificación medio-alto, medrou en 15.900 novas ocupadas. As mulleres están a irromper no mercado de traballo en ocupacións que requiren un alto nivel de educación e especialización cunha clara tendencia alcista.

2.4.5 OCUPACIÓN: SEGUNDO OS GRANDES GRUPOS OCUPACIONAIS

Persoas ocupadas por sexo nos grandes grupos ocupacionais.
Ano 2024



Variación ocupación feminina por grupos ocupacionais. Galicia 2019-2024



Fonte: INE/IGE. Enquisa de poboación activa. Medias anuais. Datos en miles de persoas.

2.5. PARO: EVOLUCIÓN

A MENOR TAXA DE PARO FEMININA DENDE O ANO 2008

A partir do ano 2014 (agás en 2020, ano da pandemia) comezou a reducirse a taxa de paro feminina de 16 a 64 anos, aínda que este descenso se rexistrou de xeito máis acusado na poboación masculina. A partir de 2021 ata a actualidade, o descenso da taxa de paro feminina é superior á masculina.


Unha característica do noso mercado de traballo é que as mulleres teñen unha taxa de paro mais elevada, o que constata que as mulleres teñen máis dificultades para atopar emprego. A diferenza respecto á taxa masculina é de 1,3 puntos no ano 2024. De todos os xeitos, esta fenda está a reducirse: en concreto un 0,32 con respecto a hai un ano e 1,55 con respecto a 2008.

No último ano, a taxa de paro das mulleres de entre 16 e 64 anos rexistrou unha evolución positiva, caeu en 0,49 puntos, quedando a taxa de paro nun 10,18%, a menor taxa dende 2008.


No último ano o número de mulleres desempregadas experimentou un descenso de 2.500 desempregadas (-3,91%). O colectivo masculino reduce o número de parados en 500 persoas (-0,87%), sendo o ritmo de baixada superior entre as mulleres

Con este último descenso no paro feminino, a EPA contabiliza para Galicia un total de 61.500 mulleres desempregadas, a menor cifra anual dende o ano 2009.

Evolución da taxa de paro de 16 a 64 anos. Galicia



Poboación parada segundo o sexo. Galicia



Fonte: INE/IGE. Enquisa de poboación activa. Medias anuais. Datos en %.

Fonte: INE/IGE. Enquisa de poboación activa. Medias anuais. Miles de persoas.

2.6. INACTIVIDADE: EVOLUCIÓN


A POBOACIÓN INACTIVA FEMININA REDUCIUSE EN 36.100 PERSOAS DENDE 2008

Con respecto ás mulleres que non participan no mercado de traballo, neste ano 2024 atopámonos cun nivel practicamente igual ao do ano pasado. De todos os xeitos, a visión global dende 2008 reflicte unha baixada das inactivas de 36.100 persoas (-5,44%). O colectivo masculino ten unha evolución oposta, aumentan os homes inactivos no período 2008-2024 en 59.500.


Os motivos alegados de inactividade da poboación difiren en relación co sexo, en 2024 un 11,59% das mulleres están inactivas por causa do coidado de nenos, maiores ou outras responsabilidades familiares, un 18,78% por xubilación e un 12,75% por estudos, mentres que unicamente un 0,40% porque cre que non vai atopar un emprego (desanimadas). En relación con 2010 (primeiros datos publicados), reducíronse case o noventa por cento das mulleres que permanecían inactivas por que pensaban que non ían atopar traballo; por responsabilidades familiares reducíronse un 46%, mentres que aumentaron as que están por xubilación (28%) ou por estudos (7%).

Estas razóns da inactividade feminina difiren sensiblemente dos homes, para os que o motivo principal é a xubilación, o 30,69% dos homes inactivos, para o 15,53% son os estudos, mentres que as responsabilidades familiares son unicamente para o 3,01%.

Poboación inactiva por sexo. Galicia



% persoas inactivas por causa de non buscar emprego por sexo. Galicia 2024




Fonte: INE/IGE. Enquisa de poboación activa. Medias anuais. Miles de persoas.

Fonte: INE/IGE. Enquisa de poboación activa. Medias anuais.


2.7 COMPARATIVA CON ESPAÑA: TAXAS

- ❑ A taxa de actividade das mulleres galegas de 16 a 64 anos en 2024 practicamente iguala a estatal (sitúase 0,10 puntos por debaixo). A diferenza coa taxa masculina resulta moito máis inferior na nosa Comunidade, sendo neste último ano de 5,49 puntos, mentres que no conxunto nacional esa diferenza elévase ata os 8,19 puntos.
- ❑ A taxa de ocupación das mulleres galegas de 16 a 64 anos en 2024 é 1,73 puntos superior á rexistrada no conxunto do Estado. Este feito incide nun maior nivel de igualdade da ocupación en Galicia por xénero: a diferenza da taxa de ocupación feminina (16 a 64 anos) con respecto á masculina en Galicia é de 5,93 puntos a favor dos homes; no conxunto do Estado a fenda elévase ata os 9,13 puntos.
- ❑ En relación con España, a taxa de paro anual feminina (16 a 64 anos) na nosa Comunidade é inferior dende o ano 2006. En 2024 a diferenza entre ambas é de 2,55 puntos. A fenda entre a taxa feminina e masculina de paro sitúase en Galicia en 1,3 puntos, e no Estado en 2,49.


Taxas de actividade (16-64 anos). Ano 2024



Taxas de ocupación (16 a 64 anos). Ano 2024



Taxas de paro (16-64 anos). Ano 2024



Fonte: INE/IGE. Enquisa de poboación activa. Medias anuais. Datos en %.


2.8 CONTRATOS REXISTRADOS

No ano 2024, en Galicia, da totalidade de contratos rexistrados (723.577), o 48,17% corresponden ao colectivo feminino, unha porcentaxe superior á nacional (46,90%).

No tocante ao tipo de contrato, en ambos os dous sexos é maioritario o contrato temporal a tempo completo, non obstante, existe un nesgo notable entre homes e mulleres en canto á parcialidade. En Galicia o contrato a tempo parcial (tanto indefinido como temporal) supón o 42,61% da contratación feminina, mentres que no caso dos homes esta proporción se sitúa case 20 puntos por debaixo, no 23,37%.


A contratación indefinida é minoritaria en ambos os sexos (30,18% dos contratos a mulleres), fronte a un 32,75% dos contratos masculinos, cunha diferenza de 2,57 puntos a prol dos homes. Porén, esta diferenza é mais marcada no conxunto do Estado, con 7,59 puntos máis para os homes.

% contratos por sexo. Galicia. Ano 2024



Fonte: SPEG

% contratos indefinidos por sexo. Ano 2024



Fonte: SEPE.

3. SALARIOS



3. SALARIOS


A MENOR FENDA SALARIAL DE XÉNERO DE TODA A SERIE HISTÓRICA DE DATOS

GALICIA TEN UNHA FENDA SALARIAL INFERIOR Á DE ESPAÑA

Segundo os datos da Axencia Tributaria para o ano 2023, os salarios medios anuais para os homes foron de 25.527€ fronte aos 20.840€ que ingresaron as mulleres. Os datos partindo desta estatística dan como resultado unha fenda salarial do 18,36% a prol dos homes. En España esta fenda acada o 19,30%. Ao longo de toda a serie histórica, a fenda salarial galega sempre se situou por debaixo da española, en 2023 é dun 0,93 puntos menos.

En calquera caso, a información contida na Axencia Tributaria permítenos constatar que a desviación salarial por xénero para 2023 é a menor rexistrada en toda a serie histórica de datos (dende 1999). De feito, no ano de inicio da crise económica (2008) a desviación salarial era do 25,47% pero no 2004 chegou a acadar unha fenda do 27,41%.

Evolución da fenda salarial




Fonte: AEAT. Datos en %

3. SALARIOS


Se atendemos á evolución dende 2008, o salario medio anual das mulleres experimentou un aumento moi superior ao dos homes neste período, un 40,28% fronte a un 28,07%. Non obstante, na evolución anual, dende 2017 o ritmo de crecemento anual dos salarios femininos foi superior aos masculinos, agás en 2022, onde superaron os das mulleres en 0,15 puntos, situación que tamén ocorre no Estado. No ano 2023, de novo crecen máis os salarios nas mulleres (5,97%) que nos homes, (5,55%). O incremento porcentual feminino, de case seis puntos, é o maior rexistrado dende o ano 2009.

As ramas de actividade onde a muller incrementa o seu salario a un maior ritmo en 2023 son os servizos ás empresas un 9,02%, as entidades financeiras e aseguradoras (8,98%) e o comercio, reparación e transporte, un 8,40%. O ritmo de crecemento anual dos salarios femininos supera o masculino en todas as actividades económicas.

% variación anual dos salarios medios anuais por sexo



% variación anual dos salarios medios anuais por sectores económicos. Ano 2023



Fonte: AEAT.

4. AS MULLERES NA EDUCACIÓN



4.1.1 ELECCIÓN DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS

MAIOR PRESENZA DE ESTUDANTES UNIVERSITARIAS MULLERES, PERO PRESENZA DESIGUAL DENTRO DAS DISCIPLINAS STEM


As mulleres teñen máis presenza que os homes nas universidades galegas, isto reflíctese nos datos de estudantes matriculados, do total dos 49.190 estudantes matriculados en estudos de grao ou deciclos (diplomaturas ou licenciaturas) no curso 23-24, o 57,30% foron mulleres.

Estas supoñen unha maioría na meirande parte das áreas de ensinanza, sendo protagonistas indiscutibles nas titulacións tipicamente femininas, é dicir, nos campos relacionados coa educación, onde o 79,74% das persoas matriculadas son mulleres (dentro desta rama destaca a formación de docentes de ensinanza infantil, onde as mulleres engloban un 86,77% de matriculados); e a saúde e servizos sociais (75,93%), dentro dela as mulleres nos estudos de enfermaría acaparan un 82,95% das persoas matriculadas, e en medicina un 72,95%. Tamén son moi significativas en artes e humanidades (66,76%).

Pola contra, son moi minoritarias en informática e nas enxeñarías, onde os homes representan o 81,25% e 66,11%, respectivamente. Tamén nos servizos, sobre todo nos deportes, onde os homes teñen un peso do 75,82%.

Isto reafirma a hipótese de que a fenda de xénero que existe nas disciplinas STEM non afecta o conxunto dos estudos científicos, estando algúns deles como os relacionados coa saúde incluso feminizados, senón que se circunscribe especificamente á tecnoloxía e ás enxeñarías. Non formarse no sector tecnolóxico e dixital, con crecemento continuado, pode supoñer unha perda de oportunidades laborais para as mulleres.

Alumnado matriculado en estudos de grao ou de 1º ou 2º ciclo segundo rama de ensinanza por sexo. Galicia 2023-2024



Fonte: Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes.

STEM: acrónimo de Science, Technology, Engineering and Mathematics (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas).


4.1.2 ELECCIÓN DE ESTUDOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

MENOR PRESENZA DE ESTUDANTES MULLERES NOS CICLOS FORMATIVOS DE FP

Con respecto á formación profesional, contrariamente ao que ocorre na universidade, atopámonos con máis alumnos homes que se decantan por esta formación, o 57,33% de todo o alumnado no curso 2022-2023. Situación que se plasma na meirande parte das familias profesionais.

Así, mentres que a presenza de alumnas supera amplamente a de alumnos nas familias profesionais vinculadas aos coidados, como os servizos socioculturais (85,73%), a sanidade (79,43%), ou a imaxe persoal (88,26%), a súa ausencia é moi significativa cando se trata de ramas vinculadas á tecnoloxía e á técnica. Deste modo, a porcentaxe de estudantes matriculadas nas familias de electricidade e electrónica, enerxía e auga, fabricación mecánica, instalación e mantemento e transporte e mantemento de vehículos mantense por debaixo do 10% do total de persoas matriculadas nesas familias.

Alumnado matriculado en formación profesional segundo a familia profesional por sexo. Galicia 2022-2023



4.2 ABANDONO EDUCATIVO TEMPERÁN


O ABANDONO TEMPERÁN FEMININO PASOU DO 15% NO ANO 2008 AO 6,5% NO 2024.

No ano 2024, o abandono temperán da educación das mulleres galegas sitúase nun 6,51%. No último ano registrou un aumento de 0,37 puntos; este aumento foi moi inferior ao dos homes, os cales o fan en 3,29 puntos. Os homes seguen a rexistrar unha proporción superior de abandono temperán (15,01%).


Se nos centramos nos últimos 16 anos, constatamos unha redución nos dous sexos, aínda que foi moito máis favorable para os homes. Deste xeito, a baixada das mulleres foi de 8,47 puntos, mentres que para os homes o descenso foi de 17,01 puntos.

Respecto a España, tamén aquí existen diferenzas por sexo e tamén o abandono temperán incide máis nos homes, pero a diferenza é menos acusada. En calquera caso, a proporción de abandono escolar é máis elevada en España que en Galicia en ambos os dous sexos.

Abandono educativo temperán por sexo. Galicia



Abandono educativo temperán segundo o sexo. Ano 2024



Fonte: Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes. Datos en %



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN